

PARIS IS BURNING

Jennie Livingston, 1990

1540

ESTREA EN NUMAX: 21.06.2025 | V.O.S.E. | 77 min

“Paris Is Burning” explora o mundo das ‘Houses’ do barrio neoyorquino de Harlem de finais dos 80. Unha ‘House’ é unha sociedade de gais e drag queens, que ten forma de banda urbana. As ‘Houses’ están formadas por unha ‘mother’ e as ‘children’. A función da nai é a de presidir a sociedade e aconsellar e coidar as súas integrantes. Os ‘Balls’ son os bailes que organizan as ‘Houses’ que se converten nunha caste de club para reunirse e competir entre si. O filme reflexa o fenómeno dos ‘balls’ desde 1987 até 1989 cuando xa chamaran a atención dos medios de comunicación e as industrias culturais perciben beneficios do que subitamente se converte na nova moda.

O pase, celebrado o 21 de xuño, polo mes do Orgullo LGBTQ+, será presentado por Pablo Calviño Tato, investigador do Grupo de Estudos Audiovisuais (USC).

«Un filme salvaxemente entretido,
profundamente humanitario e
fundamentalmente educativo»

Jessica Kiang, VARIETY



Sobrevivir aos prexuízos con dignidade e enerxía

Por Ariel Álvarez

Poucos filmes causaron tanta controversia, discusión e namoramento como *Paris Is Burning*, o documental de 1991 dirixido por Jennie Livingston que mostrou ao mundo a fascinante subcultura dos gays latinos e afroamericanos, coñecida como “ball culture”, na Nova York dos anos 80. Un valioso documento que explora o racismo, o clasismo e a homofobia que sofren os protagonistas, e como fan fronte co seu propio mundo de competencias extravagantes e contestatarias. *Paris Is Burning* gañou o Gran Premio do Xurado ao Mellor Documental en Sundance o ano da súa estrea pero, sobre todo, é de importancia fundacional para o movemento de cinema independente en EE.UU e para o –por entón nacente– New Queer Cinema.

Livingston comeza a película mostrando as competicións de baile, que eran elaborados concursos onde as *drag queens* participantes desfilaban coma se se tratase dunha pasarela de moda, seguindo un tema ou categoría específica: alta costura, militar, colexiala, etc. As súas aspiracións de pertencer a un mundo que lles pechaba as portas manifestábanse aí, e así cumprían as súas fantasías aspiracionais de sona ou riqueza inspiradas máis que nada nos medios de comunicación e as revistas de moda. Había duelos de “voguing”, un estilo de baile no que os competidores se conxelan en posicións glamourosas, como posando para unha revista. Esta danza serviu de inspiración a Madonna para a súa canción e o seu vídeo “Vogue”, que fixo ao estilo famoso en todo o mundo e levouna a unha xira mundial cun grupo de bailaríns inmigrantes, latinos e afroamericanos que tiñan tanta técnica como rúa.

No concurso, a medida que un participante gañaba máis e máis adquiría o estatus de “Lendaria”. E moitas delas aparecen entrevistadas na película: Pepper LaBeija, Dorian Corey, Angie Xtravaganza e Willi Ninja. Livingston, intelixente, déixaa falar sobre os concursos: “Son as nosas fantasías de ser superestrelas”, di Pepper. E de a pouco as conversas vólvense máis íntimas, case crónicas de supervivencia, de loita, a pobreza e a sida, as súas vidas unidas polo rexeitamento común: LaBeija conta entre bágoas como a súa nai lle queimou o abrigo de visión e botouna de casa, Venus Xtravaganza soña atopar o home dos seus sonhos, Dorian Corey, unha vella *drag queen*, senta fronte ao espello mentres se maquilla: “Unha vez quixen deixar a miña marca no mundo. Agora creo que deixaría a miña marca só con terminar de atravesar esta vida”, di. Todas elas son as “nais” das denominadas “houses”, onde os novos gays atopaban un novo fogar e unha familia.

Seis anos tardou Livingston en terminar a súa película. Ao finalizar de rodar tiña máis de setenta horas de material que tardou dous anos en editar. Desde o comezo o simple rumor do que a directora pretendía facer trouxo complicacións ao proxecto. Moitas das organizacións gai da época negáronse a apoiar a súa película porque non encaixaba cos seus criterios. Para a directora o problema era que “non trataba dun sector que as organizacións gai quixeran mostrar. As *drag queens*, negras, latinas e pobres non eran Harvey Milk, non eran un tipo branco agradable que podes presentarlle a mamá”, afirmaba.

Máis aló das críticas e opinións, *Paris Is Burning* é un dos documentais máis poderosos das últimas décadas. Pola súa historia, a súa paixón e por mostrar un mundo cheo de diversidade co que moitos non estaban familiarizados. “É importante vela, sexas gai ou non: fala de como todos somos influenciados polos medios de comunicación, como nos esforzamos por satisfacer as súas demandas tratando de parecer nos modelos de Vogue. É unha película que trata sobre aqueles que aprenderon a sobrevivir aos prexuízos con dignidade e enerxía. É unha pequena historia sobre como todos sobrevivimos”.